



Lojo, en la actualidad. La escritora recibió la Medalla de la Hispanidad

imaginario argentino. Literatura, sainete, prensa (Vigo-A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 2008).

De todas estas imágenes, me quedo con la percepción que el periodista y escritor argentino Roberto Arlt tuvo de los gallegos de Galicia cuando los vio vivir, allende el mar, en su propia tierra. Demoledor de todos los prejuicios, Arlt captó de inmediato una profunda sensibilidad que ha escapado habitualmente, dice, a los preconceptos de los argentinos sobre los gallegos, a quienes motejan de brutos por envidia, ya que son incapaces de trabajar como ellos. Una de las formas de esta sensibilidad es la que llama «soldadura racial» entre el gallego y su paisaje. Puedo dar fe del acierto de su visión, simplemente porque mi padre la encarnaba.

Alma e intelixencia

Miembro de la generación de la Guerra Civil, en la que combatió del lado de la República, desencantado de las posibilidades de España para liberarse en el corto plazo del régimen franquista, se exilió en la Argentina, nación en la que pudo ingresar porque ya tenía allí dos hermanos. Aunque ansioso de modernidad y de progreso, como tantos miles de gallegas y gallegos que lo precedieron, su alma, que seguramente era vegetal, húmeda y densa como la niebla que cubre, en las mañanas de invierno las laderas de Barbanza, había quedado ligada a su paisaje, y así se vio, claramente, en sus días finales: Ya era viejo, pero sobre todo estaba enfermo. La inteligencia empezaba a desahacerse. Una carcoma invisible le roía la precisión de los números y desarticulaba el orgullo de los pensamientos. Entonces podía escucharse, nitidamente, la voz del alma desde otro sitio. En pleno invierno austral, protegido solo con la ropa interior, se escapaba de la cama al jardín helado para pescar truchas con las manos en el río Coroño, del lado en que la sombra del bosque caía sobre el agua.

Gallega de aqueude, en estas pampas, a más de veinte años de su muerte, mi alma comparte esa indisoluble condición vegetal. Nómada entre dos patrias, flota en el corredor que sobrevuela el mar de los endriagos y la va llevando de la pampa al bosque, parte y retorna.

RUY FARIÁS | HISTORIADOR XEFE DE INVESTIGACIÓN DO MUSEO DA EMIGRACIÓN GALEGA NA ARXENTINA

«A TVG QUE VEMOS AQUÍ MÓSTRANOS UNHA GALICIA CASE DE FANTASÍA»

MONTSE CARNEIRO

■ «Sempre digo que o mellor galego é o que emigrou. Para emigrar hai que ter un aplomo e unha vontade de saír adiante enormes, e rabuñes onde rabuñes, na Arxentina sempre aparece un galego por todo o tecido social. Esa xente foi a que edificou este país», afirma o historiador Ruy Fariás (Centro Galego de Bos Aires, 1972). Fillo dunha emigrante de Compostela, é o responsable da área de Investigación do Museo da Emigración Galega na Arxentina e na primavera presentará en Santiago a súa tese de doutoramento sobre a emigración galega no sur do Gran Bos Aires.

—Investigou sobre o comunidade galega en Avellaneda e Lanús, que foi a máis castigada no 2001. ¿En que situación está agora?

—Habería que facer un estudo máis aló do anecdótico, pero temos a sensación de que, con axudas e todo, seguen máis ou menos igual. Avellaneda é o centro neuráxico da industria do país e alí os galegos non se ocuparon no sector terciario, como no resto de Bos Aires, senón no secundario. Coa desindustrialización dos anos setenta e as voltas e reviravoltas que deu a sociedade arxentina, as expectativas desta xente, campesiños ou mariñeiros que tiveran unha mobilidade social ascendente, quedaron pulverizadas, e moitos deles, sen aforros, na miseria absoluta.

—¿Non se recuperaron?

—O país foi saíndo da crise, pero non estamos para tirar foguetes. As crises aquí son profundas, o país vaise degradando e hai fame, aínda que é difícil que o digan.

—A vergoña do galego...

—Sí, como decía Borges, a xente que emigra imponse fatalmente a necesidade de mellorar. ¿Como explicar aos que quedaron que 40 anos despois estás peor que cando marchaches? Eu entendo que dalgún xeito teñen que negar o evidente. A realidade da emigración é inabarcable, e para o historiador é moi complicado. Hai xente que no censo consta como obreiro industrial e logo sabes que andou de cartonero nunha época, pero iso non figura nas fontes escritas coas que traballamos. E logo a memoria non é unha reserva onde un pode sacar información inocua e non moldeada pola experiencia. Eu levo cinco anos investigando e a porción de realidade que pode amosar é pobrísima.

—¿Como é a relación con Galicia?

—A maioría está satisfeita de emigrar. Unha muller de Fisterra á que lle asasinaron a un fillo diciame que así e todo este país lle dera a oportunidade de ser persoa, de ir á escola, ter un traballo remunerado, e non ter que arriscar a vida



O ESTUDIO. Ruy Fariás viviu en primeira persoa a teima dos emigrantes galegos por que os seus descendentes estudasen. «O meu avó puñase tolo se me vía xogar e a galega foi a segunda comunidade que máis fillos mandou á universidade arxentina, detrás da xudía»

«Rabuñes onde rabuñes, na Arxentina sempre aparece un galego. Esa xente foi a que edificou o país»

«Agora cando o Atlético Independiente perde, a xente di: "Basta, que vuelvan los gallegos"»

«Coa crise a xente mirou para atrás e viu que se esgotara aquela xeración de emigrantes traballadores»

no mar. Para moitos a decepción chega co contacto coa Galicia de hoxe, a que lle contan os parentes ou ven pola TVG, ás veces ficticia, unha Galicia na que sempre hai sol, onde a xente vive fabulosamente, con boas pensións, tocando a gaita e indo de cuchipandas. Eles quedaron coa imaxe de Galicia como unha foto fixa dun século atrás. Di Anxo Lugilde que Bos Aires é un laboratorio antropolóxico galego fabuloso, e é certo. Hai cousas que aquí quedaron esclerotizadas e en Galicia xa non se ven.

—Entre 1857 e 1960 chegaron a Arxentina 1,1 millóns de galegos, Bos Aires foi a primeira cidade galega, ¿qué pegada deixaron?

—En Avellaneda, na última vaga migratoria, entre 1946 e 1960, o 73% da poboación española era galega. E o tecido social preexistente, moi cativo: en 1895 había 18.000 persoas; en 1914, 144.000, e nos anos sesenta, 700.000. Esa enxurrada de xente fíxose notar moitísimo. A presenza dos galegos no imaxinario colectivo é enorme. En Avellaneda o xentilicio *galego* non se confunde co español. Hai un club de fútbol, o Atlético Independiente, que todo o mundo coñece como o club dos galegos, porque a parte dos xogadores, na súa mellor época estivo dirixido por galegos. E agora cando perde a xente di: «Basta, que vuelvan los gallegos».

—Rachando estereotipos...

—Claro, ao pouco de morrer Alfonsín, Jorge Halperín falaba del como o «gallego peledor». De Alfonsín, que fora tan denostado. E é que, conforme as cousas empezaron ir mal, coa crise no país moita xente mirou para atrás a ver que pasara, e viron que se esgotara aquela xeración de emigrantes,

nomeadamente galegos, que levantaran o país, aforradores, honestos, traballadores, leais... O trazo negativo do estereotipo tamén se foi desfigurando.

—A nómina de galegos ilustres na historia de Arxentina non é pequena.

—Non, e adoitamose esquecer aos intelectuais, a Cao Luaces, a Cao Luaces, a Cao Luaces, aos directores de *Caras y Caretas*, aos dous premios Nobel, aos tres presidentes, aos galegos desaparecidos na ditadura militar, ao mariñeiro de Fisterra que morreu na guerra das Malvinas, a Antonio Santamarina... Como di Núñez Seixas, entre os galegos tamén hai clases.

—¿Que papel ocupan hoxe as asociacións galegas?

—Entre 1904 e 1936 había máis de 400 sociedades galegas en Bos Aires: mutualistas, de axuda á repatriación, para a creación de escolas ou estradas en Galicia, pola redención foral... Alí recreaban a sociedade de partida e enfrontaban xuntos o choque ao tempo que se integraban plenamente na Arxentina. Hoxe eu traballo no museo e estou obsesionado por crear un arquivo oral e dixitalizar toda a información desde 1910 para non perdela para sempre. Pero se tivese que elixir catro institucións que perdurasen serían o Centro Galego, polo sanidade; o Centro Galicia, polo lecer; a Federación de Asociacións Galegas, porque é a memoria, galeguista, democrática, e o Colexio Santiago Apóstol, un centro de excelencia onde se dá educación galega a 500 rapaces, moitos deles sen pinga de sangue galego, e de onde pode saír o fío condutor coa historia, o futuro lobby galego en Bos Aires. Non é unha quimera.